

INFORMACIÓN SOBRE TRANSPARENCIA DAS OPERACIÓNS BANCARIAS

TAXAS DE XURO PARA AS CONTAS

Contas	Xuro nominal anual	T.A.E.
Conta Corrente Triodos Conta Corporativa Triodos	0,10%	0,10%
Conta Infantil	1,98%	2,00%
Conta Triodos (*)	1,09%	1,10%
Conta Triodos Empresa (*) Conta Vivenda Triodos Conta Nova Empresa	1,04%	1,05%
Conta Xusta (**)	0,40%	0,40%

(*) **Conta Triodos:** liquidación mensual de xuros. Os clientes titulares da Conta Triodos poderán determinar que porcentaxe (0 %, 25 %, 50 %, 75 % ou 100 %) dos seus rendementos netos despois das retencións desexan doar á Fundación Triodos para que esta, á vez, a doe con carácter anual á organización sinalada polo cliente, de entre as que figuran na listaxe publicada en www.triodos.es.

(**) **Conta Xusta:** liquidación trimestral de xuros. Triodos Bank efectuará unha doazón modal á Fundación Triodos, por un importe igual ao resultante de aplicar o 0,7 % T.A.E. aos saldos medios trimestrais que os clientes manteñan o primeiro ano nas CONTAS XUSTAS. Non se permite manter saldos superiores a 500.000 €, agás acordo concreto entre Triodos Bank e o cliente. Os clientes titulares da Conta Xusta poderán determinar trimestralmente que porcentaxe dos seus rendementos netos (0 %, 25 %, 50 %, 75 % ou 100 %) desexan doar á Fundación Triodos para que esta, á vez, a doe á(s) organización(s) de comercio xusto sinalada(s) polo cliente (INTERMÓN OXFAM, SETEM e IDEAS, unha delas, dúas ou as tres). A Fundación Triodos, en función dos acordos subscritos con Triodos Bank, doará con carácter anual os importes recibidos de Triodos Bank e dos clientes titulares das Contas Xustas á(s) organización(s) sinalada(s) polo cliente no momento da apertura da Conta Xusta (ou nas modificacións trimestrais posteriores). Estas organizacións destinarán as doazóns recibidas a proxectos de desenvolvemento, fomento e sensibilización do comercio xusto que, anualmente, serán obxecto de publicidade e difusión entre os clientes da Conta Xusta.

TAXAS DE XURO PARA OS DEPÓSITOS

Denominación Comercial	Prazo	Abono de xuros	Xuro nominal anual	T.A.E.
Triodos 6	6 meses	Ao vencemento	1,49%	1,50%
Depósito Actúa	1 ano	Ao vencemento	1,35%	1,35% (***)
Ecodepósito	1 ano	Ao vencemento	1,35%	1,35% (****)
Triodos 12	12 meses	Ao vencemento	1,65%	1,65%
Triodos 18	18 meses	Ao vencemento	1,81%	1,80%
Triodos 2	2 anos	Ao vencemento	1,92%	1,90%
Triodos 5	5 anos	Ao vencemento	2,74%	2,60%

(***) **Depósito Actúa:** Triodos Bank efectuará unha doazón modal á Fundación Triodos, por un importe igual ao resultante de aplicar o 0,7 % T.A.E. ao importe do Depósito Actúa, durante o primeiro ano. Non se permite contratar o Depósito Actúa por importes superiores a 500.000 €, agás acordo entre Triodos Bank e o cliente. Os clientes titulares do Depósito Actúa poderán determinar anualmente que porcentaxe dos seus rendementos netos (0 %, 25 %, 50 %, 75 % ou 100 %) desexan doar á Fundación Triodos para que esta, á vez, a doe a Amnistía Internacional. A Fundación Triodos, en función dos acordos subscritos con Triodos Bank, doará con carácter anual os importes recibidos de Triodos Bank e dos clientes titulares do Depósito Actúa a Amnistía Internacional.

(****) **Ecodepósito Triodos:** imposición a prazo fixo dun ano ao 1,35 % T.A.E., desde 500 € ata 100.000 €. Liquidación anual de xuros ao 1,35 % T.A.E. calculado para un importe de 500 € a 2.999,99 € a unha taxa de xuro nominal anual do 1,35 %. Para importes iguais ou superiores a 3.000 €: 2,70 % T.A.E. calculado para 3.000 € a unha taxa de xuro nominal anual do 1,35 %, máis unha remuneración en especie de 40 € suxeita á lexislación vixente. Valor equivalente da subscrición entre 36 € e 42 €.

Comisión por cancelación anticipada dos Depósitos Triodos

A remuneración do depósito quedará reducida na taxa anual do 1,5 % aplicada ao principal, durante o período que mediar entre a data da cancelación e o vencemento pactado. Esta dedución non poderá exceder do importe dos xuros brutos xerados desde o comezo da operación.

COMISIÓNS HABITUAIS

Operacións	Comisión €
• De apertura, mantemento e administración de contas e depósitos	0,00 €
• Por ingresos nas súas contas e depósitos (cheque, transferencia, recibo, O.T.E.)	0,00 €
• Por transferencia nacional emitida (as 5 primeiras do mes)	0,00 €

Estas son as comisións que estamos a aplicar nas súas operacións máis habituais. O Libro de Tarifas de Comisións, Custos Repercutibles e Normas de Valoración, que poñemos á súa disposición, indica as comisións máximas que podería aplicar o banco.

Para calquera aclaración, contacte coa nosa Oficina Telefónica no 902 360 940 ou escribanos a clientes@triodos.es

www.triodos.es

DECLARACIÓN OBLIGATORIA DE TAXAS DE OPERACIÓN ACTIVAS (Anexo I á Circular 8/90 do Banco de España)Entidad **TRIODOS BANK, N.V, S.E.**

Taxa preferente	Non practicado	
Outras taxas de referencia (2) (4)	Non practicado	
Empréstitos e créditos		
Empréstitos ao consumo		
Empréstitos hipotecarios		
Descubertos na conta corrente (3)		
Descubertos na conta corrente con consumidores (1)	8,00%	8,30% (T.A.E.)
Resto de descubertos	8,00%	8,30% (T.A.E.)
Excedidos na conta de crédito (2)	12,00%	12,68% (T.A.E.)

- (1) Artigo 19.4 da Lei 7/1995, do 23 de marzo, de Crédito ao Consumo. Non se poderá aplicar unha taxa de xuro que xere unha T.A.E. superior a 2,5 veces o xuro legal do diñeiro.
- (2) Estas operacións xeran comisións non incluídas nas taxas indicadas.
- (3) Xeran a favor do banco a correspondente comisión de descuberto cando proceda.
- (4) Ten carácter orientador para o cliente, polo que non limitarán a libre contratación entre as partes.

DOCUMENTACIÓN A DISPOSICIÓN DOS CLIENTES (tamén en www.triodos.es)

- **Libro de Tarifas de Comisións, Custos Repercutibles e Normas de Valoración:** recolle as tarifas e comisións máximas e as normas de valoración das operacións bancarias realizadas con Triodos Bank.
- **Contrato Global Triodos:** tanto de persoas físicas como de persoas xurídicas, que inclúe as Condicións Xerais do Banco e as Condicións Particulares dos Produtos e Servizos dispoñibles.
- **Regulamento para a Defensa do Cliente.**

SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE (resolución de reclamacións)

- 1) Para resolver calquera incidencia relacionada cos produtos e servizos de Triodos Bank, pónase en contacto coa nosa **Oficina Telefónica no teléfono 902 360 940 ou a través de clientes@triodos.es**.
- 2) De non quedar satisfeito coa resposta da Oficina Telefónica, pode dirixir a súa reclamación por escrito ao Titular do **Departamento de Atención ao Cliente:**

Departamento de Atención ao Cliente
Calle José Echegaray 5, Parque Empresarial Las Rozas
28230 Las Rozas, Madrid
reclamaciones@triodos.es

- 3) Unha vez presentada a reclamación perante o Departamento de Atención ao Cliente de Triodos Bank e se a resposta non fora satisfactoria ou de transcorrer un prazo de dous meses desde a interposición da reclamación e de toda a documentación sen recibir resposta, poderá dirixirse por escrito ao **Comisionado para a Defensa do Cliente de Servizos Financeiros do Banco de España** no seguinte enderezo:
Calle Alcalá 48, 28014 Madrid.

INFORMACIÓN SOBRE NORMATIVA VIXENTE

As operacións desta Entidade quedan suxeitas ao cumprimento das normas sobre transparencia das operacións bancarias e protección da clientela, contidas nas seguintes disposicións: **Transparencia das operacións bancarias e protección da clientela:** O.M. do 12 de decembro de 1989 (B.O.E. n.º 303, do 19 de decembro); e Circular 8/90 do Banco de España, do 7 de setembro (B.O.E. n.º 226, do 20 de setembro), modificada polas Circulares do Banco de España: 13/1993, do 21 de decembro (B.O.E. n.º 313 do 31 de decembro), 5/1994, do 22 de xullo (B.O.E. n.º 184 do 3 de agosto), 3/1996, do 27 de febreiro (B.O.E. n.º 63 do 13 de marzo), Circular 4/1998, do 27 de xaneiro (B.O.E. n.º 38 do 13 de febreiro), Circular 3/1999, do 24 de marzo (B.O.E. n.º 83 do 7 de abril), Circular 7/1999, do 29 de xuño (B.O.E. n.º 163 do 7 de xuño), 1/2000, do 28 de xaneiro (B.O.E. n.º 35 do 10 de febreiro) e 3/2000, do 24 de setembro (B.O.E. n.º 242 do 9 de outubro); Orde Ministerial ECO/734/2004 do 11 de marzo de 2004 (B.O.E. n.º 72 do 24 de marzo). **Crédito ao consumo:** Lei 7/1995, do 23 de marzo, de Crédito ao Consumo (B.O.E. n.º 72 do 25 de marzo de 1995). **Empréstitos con garantía hipotecaria:** Orde do 5 de maio de 1994, sobre transparencia das condicións financeiras dos empréstitos hipotecarios (B.O.E. n.º 112, do 11 de maio de 1994). **Transferencias entre Estados Membros da Unión Europea:** Lei 9/1999, do 12 de abril, pola que se regula o réxime xurídico das transferencias entre Estados Membros da Unión Europea (B.O.E. n.º 88, do 13 de abril), Orde do 16 de novembro de 2002 de desenvolvemento da Lei 9/1999, do 12 de abril (B.O.E. n.º 283, do 25 de novembro) e Regulamento (CE) n.º 2560/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro de 2001, sobre os pagamentos transfronteirizos en euros (Diario Oficial n.º L 344 do 28 de decembro de 2001).